

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

SUBVENCIONES DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2021

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2021

A consecución da igualdade real e efectiva entre as mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e a loita contra a violencia de xénero constitúen unha das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra impulsadas a través do Servizo de Igualdade.

Para levar a cabo estas liñas de acción a institución provincial considera que é necesaria a colaboración estreita cos concellos, por ser o nivel máis próximo á cidadanía e polo coñecemento que estes teñen da súa poboación, co fin de promover e realizar actuacións para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria.

O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencia propia das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

A Deputación convoca esta liña de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva en virtude do artigo 9.2 da Constitución española, na que se recolle que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, e de conformidade coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade de xénero para todo o Estado español; a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na que se establece que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia machista; o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2021.

Segunda. Entidades destinatarias

Poderán concorrer a esta convocatoria os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes.

Para poder acceder ás subvencións as entidades deberán cumprir as condicións e os requisitos establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co organismo provincial, e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.

Terceira. Actuacións subvencionables

As accións deberán realizarse durante o ano 2021 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.

Con carácter xeral, poderán presentarse para o seu financiamento os seguintes proxectos, programas e actividades:

- 1.—Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia machista
- 2.—Proxectos e iniciativas xurdidas dos acordos das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero
- 3.—Proxectos para mellorar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e ás persoas dependentes ao seu cargo



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

4.—Programas e actuacións destinadas a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades

5.—Proxectos para mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres

6.—Accións e actividades centradas na elaboración do plan municipal de igualdade, así como as orientadas á súa difusión e avaliación

7.—Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e profesional

8.—Accións e actividades de prevención e sensibilización no eido educativo dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias, co fin de dotalos de estratexias educativas para fomentar a igualdade de trato e de oportunidades

9.—Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade

Cuarta. Financiamento

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 21/250.2315.462.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2021, ascende a douscentos trinta mil (230.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria mentres non se amplíe o crédito da aplicación.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar a contía de seis mil (6.000,00) euros.

Quinta. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración, sempre que o conxunto das axudas recibidas non supere o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións que sexan subvencionadas nesta convocatoria non poderán obter outra subvención nin serán compatibles con outras concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio 2021.

Sexta. Gastos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- Os proxectos, programas ou actividades que non teñan como obxectivo principal fomentar e conseguir a igualdade de xénero e loitar contra a violencia machista ou que contraveñan o interese público perseguido pola Deputación



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

- Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro)
- Os gastos referidos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxectivo do programa
- Os gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga
- Os gastos relativos á adquisición de equipamento ou material inventariable (equipos informáticos, mobiliario e outros)

Sétima. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

No caso de presentar a solicitude de forma presencial, requiriráselle á entidade solicitante que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VR8NYK88SXOC&JLU



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

Novena. Documentación

Os concellos interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificado do acordo ou resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproba a solicitude de subvención e o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade
- Certificado da Secretaría do Concello no que se indique a existencia ou inexistencia dun plan municipal de igualdade aprobado e en vigor ou da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero constituída e operativa, segundo o modelo normalizado (anexo II)
- Proxecto explicativo e orzamento detallado das actuacións para as que se solicita a subvención asinados pola persoa representante do Concello

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán levarse a cabo electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Instrución do procedemento e comisión de valoración

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa do Servizo poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para unha mellor valoración das solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se explique o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no seu caso, o motivo da exclusión.

Para o cálculo da contía da subvención empregárase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Achégase o informe sobre o algoritmo de cálculo empregado.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado polo Servizo de Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle suxerirá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.

A comisión de valoración é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade
- Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade, unha persoa integrante do persoal técnico do mesmo servizo e outra do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria do Servizo de Igualdade, sen voto

Décimo terceira. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva. Cada proxecto poderá ser valorado cun máximo de 100 puntos segundo os seguintes criterios e as valoracións correspondentes:

1.—Calidade e contido técnicos da proposta, ata un máximo de 45 puntos

a) Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 20 puntos



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

b) Metodoloxía que se vai empregar na realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos

c) Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 10 puntos

d) Utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos

2.—Incidencia social do proxecto, programa ou actividades, ata un máximo de 30 puntos

a) Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 7 puntos

- Menos de 50 persoas: 1 punto
- Entre 50 e 150 persoas: 3 puntos
- Entre 151 e 250 persoas: 5 puntos
- Máis de 250 persoas: 7 puntos

b) Poboación total do municipio, segundo as cifras oficiais recollidas polo Instituto Galego de Estatística, ata un máximo de 8 puntos

- Ata 5.000 habitantes: 2 puntos
- De 5.001 a 10.000: 4 puntos
- De 10.001 a 15.000: 6 puntos
- De 15.001 a 20.000: 8 puntos

c) Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade ou institución, ata un máximo de 10 puntos

d) Temporalización das actividades que se van realizar, ata un máximo de 5 puntos

- Menos de 3 meses: 1 punto
- De 3 a 6 meses: 3 puntos
- Máis de 6 meses: 5 puntos

3.—Recursos, capacidade de xestión e compromiso do Concello coa igualdade, ata un máximo de 25 puntos

a) Esfuerzo económico do Concello solicitante no autofinanciamento do proxecto con recursos xerais deste, que exclúa calquera subvención, axuda ou achega das persoas usuarias ou participantes, ata un máximo de 10 puntos

- Ata un 10 %: 1 punto
- Se é maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos
- Se é maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos
- Se é maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos
- Se é maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos
- Se é maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos
- Se é maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

- Se é maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos
- Se é maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos
- Se é maior do 90 %: 10 puntos

b) Porcentaxe do crédito inicial do orzamento municipal total vixente dedicado á igualdade e á loita contra a violencia machista, ata un máximo de 5 puntos

- Menos do 0,5 %: 1 punto
- Do 0,5 % ao 1 %: 3 puntos
- Máis do 1 %: 5 puntos

c) Por ter un plan municipal de igualdade aprobado e en vigor, 5 puntos

d) Por ter Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero constituída e operativa, 5 puntos

Décimo cuarta. Resolución

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, como órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP e nestas bases.

Unha vez transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que se lles notifique a resolución lexítima ás entidades interesadas, a solicitude de subvención considerárase desestimada por silencio administrativo.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Segundo se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada e sempre que se manteña a finalidade da subvención, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido, que se poderá autorizar sempre e cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta da comisión avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado)
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen e, en todo caso, antes de que finalice o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.

Este cambio deberá realizarse durante o ano 2021, segundo se recolle no artigo 64.2 do Regulamento da LXS.

Décimo sexta. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán de prazo para xustificalas ata o 28 de febreiro de 2022, incluído.

1.—De se produciren circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, programas ou actividades, poderán solicitar unha prórroga antes de que remate o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP). O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do Regulamento da LXS).

2.—Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A desviación máxima entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial non debe superar o 20 %.

3.—Para cobrar a axuda concedida os concellos deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación esta última que determinará de oficio a propia institución provincial.

4.—Os proxectos, programas ou actividades realizados deben axustarse aos presentados inicialmente. No caso de que non se cumpran os criterios avaliados na solicitude presentada, a Deputación de Pontevedra poderá reducir o importe da subvención na parte proporcional.

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

a.—Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total, acompañadas do acordo ou resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproban as devanditas facturas ou ben unha certificación de Secretaría ou Intervención (ou do persoal competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, e que os xustificantes correspondentes quedarán á disposición da Deputación para o seu exame, se se considerase oportuno

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: VR8NYK88SXOC&JLU



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

b.—Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, con detalle das facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da institución provincial para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

c.—Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos

d.—Acreditación da divulgación do financiamento da actividade subvencionada por parte do organismo provincial, para o que será necesaria a declaración responsable da persoa representante, acompañada, no seu caso, de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado nesta base ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

No caso de que a xustificación sexa incompleta ou defectuosa requiriráselle á entidade beneficiaria que corrixa os erros ou defectos observados ou que achegue os documentos solicitados nun prazo de dez (10) días.

A falta de presentación da documentación en prazo suporá a perda da subvención, a esixencia do reintegro e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo sétima. Pagamento da subvención

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da axuda
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo Concello na solicitude.

Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados polas entidades beneficiarias, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

Décimo oitava. Obrigas das entidades subvencionadas

As entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

a.—Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que foi concedida, executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención

b.—Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores

c.—Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control

d.—Facer constar, expresamente e de xeito visible en calquera dos medios que se empreguen para a difusión do proxecto ou das actividades, que estas se realizan co financiamento da Deputación, incorporando para iso o logotipo institucional. As normas de imaxe corporativa pódense consultar en comunicacion@depo.gal

e.—Comunicarlle á institución provincial calquera modificación das condicións que se tivesen en conta para a concesión da subvención, ademais de facilitarlle canta información lles sexa requirida relacionada coas actividades e cos programas subvencionados

Décimo novena. Devolución e reintegro

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

1.—Se se obtiveron falseando as condicións requiridas

2.—Se non se aplicaron aos fins para os que foron concedidas

3.—Se a entidade beneficiaria incumpriu as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Vixésima. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria as normas da LXS e as bases de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2021.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidade administrativa e quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo terceira. Xurisdición aplicable

Contra estas bases poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 112 e 124 da LPACAP) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada lei.

Todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo cuarta. Dereito supletorio

Para o non disposto nesta convocatoria contemplárase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións (OXSDPEPO), nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2021, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.

